

Aprobada por unanimidade a ILP pola tarifa eléctrica galega

A CIG consegue que o Parlamento Galego aprobe por unanimidade a Iniciativa Lexislativa Popular que presentou en demanda dunha tarifa eléctrica galega e contra a pobreza enerxética

O Parlamento de Galiza acordou, o pasado día 26 de xaneiro, aceptar a ILP impulsada pola CIG en demanda dunha tarifa eléctrica galega e de medidas que permitan combater a pobreza enerxética. Para a nosa Central sindical conseguir que se inicie a tramitación parlamentaria deste proxecto de lei, que chegou co aval de preto de 18.000 sinaturas, o apoio das deputacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra e máis de 50 concellos, entre eles os de 6 das 7 grandes cidades de Galiza, é un grande éxito.

A Iniciativa Lexislativa Popular propón, como cuestións esenciais, unha tarifa eléctrica galega cunha bonificación nas peaxes do 30% –por ser Galiza quen produce, quen exporta e quen sofre as consecuencias sociais, económicas e medio ambientais da produción eléctrica– e o acceso á enerxía como un dereito social.

Esta ILP demostra que na Galiza tamén é posíbel dispormos dunha tarifa eléctrica máis baixa, dunha tarifa galega. A electricidade non é un ben de consumo calquera, é un ben básico, é un servizo público que esixe un papel protagonista da Xunta de Galiza. Por iso, nesta ILP definimos toda unha serie de medidas das que se verían beneficiados o conxunto dos sectores produtivos galegos, que reducirían de forma importante os custos en enerxía e polo tanto incrementarían a súa marxe de beneficios, ao tempo que isto suporía un aliciente para a instalación de novas industriais e favorecer así o noso desenvolvemento económico. Así mesmo, unha tarifa eléctrica galega máis baixa, beneficiaría globalmente a toda a poboación ao reducir o gasto das familias no consumo eléctrico,

un dato especialmente relevante se temos en conta que na Galiza temos os salarios e as pensións máis baixas e un número cada vez maior de familias afectadas pola pobreza enerxética.

Con esta ILP estamos pondo tamén enriba da mesa propostas que axudarían a dar solucións á situación de industrias asentadas en Galiza, tanto as que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.), como as que teñen menor consumo pero de grande importancia estratéxica na economía galega, fronte a situacións que ameazan a súa viabilidade e poñen polo tanto en perigo numerosos postos de traballo.

É inconcibíbel que nun país excedentario en enerxía eléctrica como é Galiza, non podamos utilizar ese recurso tan valioso en beneficio do desenvolvemento económico do propio país e da mellora da calidade de vida de todos os galegos e galegas, tendo que pagar a enerxía ao mesmo prezo que comunidades que son meramente consumidoras (exemplo Madrid) ou mesmo ter que soportar situacións como que haxa xente sen luz na casa e sen poder acender unha calefacción.

Desde a CIG agradecemos todos os apoios para conseguirmos que chegase ao Parlamento Galego esta reivindicación e comprometémonos a desenvolver toda unha serie de actuacións e de mobilizacións para que o resultado final que saia da tramitación no Parlamento Galego sexa, como mínimo, o que nos presentamos, facendo un chamamento a que participedes con nos para que así sexa.

Fagamos que a ILP saia do Parlamento Galego recoñecendo o noso dereito a unha Tarifa Eléctrica Galega.

Adiante!!! Por unha tarifa eléctrica galega



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com